




**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE DECEMBRO DE 2012.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día once de decembro do ano dous mil doce, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 23 de outubro e 23 de novembro de 2012, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas.

PUNTO 2.- ACORDOS


Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de NOVEMBRO DE 2012 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Dase conta da sentenza 346/12 do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra recaída no procedemento abreviado 237/12 por delito de roubo con forza nas cousas e delito continuado de danos mediante incendio.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado ós servizos económicos do Concello.

Dase conta do escrito RE 7.228 de data 14 de novembro de 2012, remitido por MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO BAIXO MIÑO, xuntando copia autenticada do Convenio de cooperación entre a MIBM e a Asociación de Empresarios e profesionais do sector turístico do Baixo Miño, "Turismo Baixo Miño", para a financiación, promoción e optimización de recursos turísticos da comarca do Baixo Miño.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.322 de data 20 de novembro de 2012, presentado conxuntamente polas direccións dos CEIP: As Solanas, Manuel Rodríguez Sinde e A Sangriña, e solicitando autorización para o uso da Piscina Cuberta Municipal durante os meses de marzo, abril e maio de 2013, nos horarios que se detallan e para os cursos de quinto e sexto de primaria.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de novembro de 2012 cuio importe total ascende a cantidade de 988,02 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.


Lese o escrito RE 7.516 de data 29 de novembro de 2012 presentado por D^a. M^a.M.C.A., con enderezo na Rúa da Proba, nº 22 da Guarda, solicitando a bonificación nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Proba, nº 22.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 7.413 de data 23 de novembro do 2012, presentado por D. SAMUEL POUSADA SOAJE, en representación da "Federación de Empresarios de Salas de Festa, Baile e Discotecas de Galicia", con domicilio social na Avda. de García Barbón, 104-1º de Vigo, solicitando que dende o Concello se proceda a aprobar un Plan de Seguridade Municipal de Nadal para non permitir a celebración de actividades de carácter festivo que non dispoñan da correspondente autorización municipal e que se lles dea traslado das actuacións realizadas ao respecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.259 de data 2 de outubro de 2012, presentado por D. MOUSTAPHA DIENG, con enderezo na rúa Victor Said Armesto, nº 28-3ºD de Pontevedra, solicitando que se lle conceda autorización para instalar un posto no mercado municipal dos sábados.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que nestes momentos non hay espazo dispoñible.

Lese o escrito RE 7.602 de data 4 de decembro de 2012, presentado por ARCO BAIXO MIÑO - ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS DA COMARCA DO BAIXO MIÑO, con domicilio social en rúa Fontiña, nº 3 da Guarda, solicitando autorización e colaboración do Concello para levar a cabo unha feira de artesanía na Alameda da Guarda os días 21, 22 e 23 de decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e dar traslado deste escrito á Policía Local e o departamento de servizos.

Lese o escrito RE 7.576 de data 1 de decembro de 2012, presentado por D^a. GABRIELA LADRERO MARTÍN, en representación do COLECTIVO ARDENTÍA E BANCO DE TEMPO, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 24-1º I da Guarda, solicitando autorización e colaboración do Concello para levar a cabo un mercado de troco na praza de San Marcos o día 22 de decembro de 11 a 14 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e dar traslado deste escrito á Policía Local e o departamento de Servizos.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



PUNTO 3.- URBANISMO

Visto o informe-proposta do Asesor Xurídico do Concello de data 29 de novembro de 2012 sobre as denuncias urbanísticas plantaxadas por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de datas 15 de maio de 2006, 25 de agosto de 2008 e 20 de setembro de 2011 interesando a revisión dunha licenza de parcelación en tres parcelas, de tres licencias de obras nas parcelas resultantes (195, 196 197/2000) concedidas á entidade Geo Calvario, S.L. e tres licencias de primeira ocupación, así como solicitando respecto as obras relativas a parcela 1 que se adopten as medidas oportunas de reposición da legalidade urbanística e sancionadoras pola realización de obras que exceden de licenza, todo elo situado na Costa dos Soldados, s/n, a Xunta de Goberno Local, ACORDA:

- Rexeitar a petición formulada polo Sr. Abeleira mediante escritos de denuncia de datas 15 de maio de 2006, 25 de agosto de 2008 e 20 de setembro de 2011, por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública, en base os razoamentos expostos no mesmo.
- Non proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado das denuncias formuladas polo Sr. Abeleira en base á inexistencia da infracción denunciada polo mesmo tal como resulta das actas de inspección de 16 de agosto e 11 de outubro de 2012.
- Proceder a dar traslado a Axencia de Protección da legalidade urbanística do informe do arquitecto de data 11 de outubro de 2012 para que incoe expediente de restauración da legalidade urbanística e sancionador respecto das obras de instalación de cuberta movíl na piscina por carecer de licenza

Visto o informe-proposta do asesor xurídico do Concello de data 29 de novembro de 2012 sobre a denuncia urbanística plantexada por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de data 27 de setembro de 2012 interesando a incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística e revisión e oficio da licenza de obras 17/2008 de 08.02.2008, ou a que ampase obras de apertura dun novo vial non contemplado no planeamento e obviar a realización de obras de urbanización na parte afectada pola aliñación na unión entre a rúa Malteses e o paseo marítimo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Rexeitar a petición formulada polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de denuncia de data 27 de setembro de 2012, por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública, en base aos razoamentos expostos no mesmo.
- Non proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado da denuncia formulada polo Sr. Abeleira en base á inexistencia de infracción denunciada polo mesmo tal e como resulta do informe técnico de 18 de outubro de 2012.



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



PUNTO 4.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. EMILIO PÉREZ PÉREZ, R.E. Nº. 7.307 DE DATA 20 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE LADA-BUXÁN Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PECHE CONTRA LINDEIROS DAS PARCELAS Nº. 296, 297 E 298 DO POLÍGONO Nº. 20 NUNHA LONXITUDE DE 40 MTS. LINEAIS, REALIZADO CUNHA FILEIRA DE BLOQUES DE CEMENTO, POSTES E REDE PLASTIFICADA A UNHA ALTURA DE 1,25 MTS. DE ALTO, SITAS NO LUGAR DE CARBALLIDOS DA PARROQUIA DE SALCIDOS, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.)

A D. JESÚS LÓPEZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 6.891 DE DATA 29 DE OUTUBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ROSALIA DE CASTRO Nº. 1-2º D DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARACIÓN DA CORNIXA E LIMPEZA DE CAEIROS DO EDIFICIO "ALAMEDA" SITO NA RÚA DE ROSALIA DE CASTRO Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A ÁLVAREZ GONZÁLEZ, C.B. REPRESENTADO POR D. DAVID ÁLVAREZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 7.288 DE DATA 19 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BAIONA Nº. 5 (BLOQUE 3-1º I) DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA ACONDICIONAMENTO DO LOCAL DENOMINADO "RAICES" CONSISTENTE EN PINTADO DE PAREDES E TEITO DO LOCAL NUNHA SUPERFICIE DE 41,00 M², CAMBIO DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 10,00 M². E CAMBIO DE AZULEXOS NO FRENTE DOS BAÑOS NUNHA SUAPERFICIE DE 16,00 M². SITO NA PRAZA DE IGNACIO SOBRINO Nº. 2-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. MIGUEL ANGEL CABANELAS ARAUJO, R.E. Nº. 7.449 DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



CAMPOSANCOS Nº. 99-B DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA RECONSTRUCCIÓN DE MURETE DE BLOQUES DE FORMIGÓN NUNHA LONXITUDE DE 16,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 0,80 MTS., NO LINDE LATERAL ESQUERDO DA FINCA DA SÚA PROPIEDADE SITA NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 99-B, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA DEL ROSARIO RODRÍGUEZ LOMBA, R.E. Nº. 7.433 DE DATA 26 DE NOVIEMBRE DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A RODA Nº. 32 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REGULARIZACIÓN E NIVELACIÓN DE MURO DE PECHE E CONTENCIÓN EXISTENTE, PARA COMPLETAR A ALTURA DE 1,80 MTS., MEDIANTE A COLOCACIÓN DUNHA REDE NO TRAMO DO LINDE TRASEIRO E COMPLETAR CON BLOQUE O PECHE NUNHA LONXITUDE DE 7,00 MTS. NO TRAMO LINDEIRO LATERAL DEREITO, NA FINCA SITUADA NA RÚA DE A RODA Nº. 32, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. MARIO LÓPEZ VICENTE, R.E. Nº. 7.674 DE DATA 7 DE DICIEMBRE DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRV. CARREIRA Nº. 22 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA INSTALACIÓN DUN INVERNADOIRO DE ESTRUCTURA TUBULAR E CUBERTA CON PLÁSTICO CUNHAS MEDIDAS DE 24 X 44 MTS. NA PARCELA Nº. 213 DO POLÍGONO Nº. 13 SITA NO PARAXE DE "RONQUEIRO", EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A RAMÓN VERDE RODRÍGUEZ, S.L., R.E. Nº. 5.934 DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2011, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO Nº. 75 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA "LEGALIZACIÓN DE CARPA CERRADA DO RESTAURANTE CASA DO OUTEIRO" SITO NA RÚA DE CARRETERA DE O CASTRO Nº. 75, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).


A D. RAFAEL VICENTE MARTÍNEZ, R.E. Nº. 7.285 DE DATA 19 DE NOVIEMBRE DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A RODA Nº. 57 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA INSTALACIÓN DUNHA SILLA SALVAESCALEIRAS NA SÚA VIVENDA SITA NA RÚA DE A RODA Nº. 57, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 5.- CADUCIDADE LICENCIA



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Dase conta do informe do arquitecto municipal de data 5 de decembro de 2012 relativo ao estado actual da construción dunha vivenda unifamiliar en Rosentes propiedade de DOMUS GAUDA, S.L. con licenza municipal de obras maiores 5/2007 en Solo non Urbanizable de Núcleo Rural, que literalmente se transcribe:

SOLICITANTE: M^a Carmen Viniegra Garcés
SITUACIÓN: Rosentes ~..

DATA DA SOLICITUDE: 20.08.12 R.E. n^o 5.200
ASUNTO: Execución de obra interrompida.

U R B A N I S M O C O N C E L L O D A G U A R D A

O obxecto do presente informe é comprobar o estado actual das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Rosentes propiedade de DOMUS GAUDA S.L., con licenza municipal de obras maiores 5/2007 do 9 de febreiro de 2007 en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.

1. ANTECEDENTES

- 1.- Con data 03.09.09, realízase visita de inspección as obra que se están a executar na parcela de referencia para comprobar o estado de das mesmas. Na visita realizada nesa data pódese constatar que:
 - a) No momento da visita de inspección non se está a traballar na obra.
 - b) A obra encontrase na fase de estrutura estando executadas nesta data a cimentación da vivenda, solo de planta baixa, tiro de escalera de planta baixa a planta primeira, forxado de solo de planta primeira e os pilares de planta primeira. A estrutura executada é de formigón armado e está completamente desencofrada manteándose algúns puntais de ferro entre a planta baixa e a primeira. No perímetro do forxado de planta primeira existe un valado sinxelo de madeira. Tando en planta alta como na planta baixa están acopiadas os módulos para encofrado metálico de pilares, puntais de ferro e algúns elementos de madeira e armadura de aceiro para a estrutura.
 - c) Se ben existe o preceptivo cartel de obra indicando as medidas de seguridade e prohibindo o acceso a mesma, non existe valado na obra que limite o libre acceso a mesma.
- 2.- Con data 14.06.10 Domus Gauda S.L. solicita prorroga da licenza de obras.
- 3.- Con data 19.05.11, realízase unha nova visita de inspección as obras que se están a executar na parcela de referencia para comprobar o estado de das mesmas. Na visita realizada pódese constatar que:
 - a) No momento da visita de inspección non se está a traballar na obra.
 - b) A obra encontrase no mesmo estado que na visita de inspección realizada con data 03.09.09, coa excepción de que retiráronse os materiais de encofrado acopiados e levantouse un único pano de fábrica de ladrillo entre dous piares exteriores da planta baixa.
 - c) Se ben existe o preceptivo cartel de obra indicando as medidas de seguridade e prohibindo o acceso a mesma, non existe valado na obra que limite o libre acceso a mesma.

2. VISITA DE INSPECCIÓN


- 1.- Con data 05.12.12, realízase unha nova visita de inspección as obras que se están a executar na parcela de referencia para comprobar o estado de das mesmas. Na visita realizada pódese constatar que:
 - a) No momento da visita de inspección non se está a traballar na obra.
 - b) A obra encontrase no mesmo estado que na visita de inspección realizada con data 19.05.11.
 - c) Se ben existe o preceptivo cartel de obra indicando as medidas de seguridade e prohibindo o acceso a mesma, non existe peche na obra que limite o libre acceso a mesma.

3. INFORME



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



1.- Segundo a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística de Galicia , no seu art. 197

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas. No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.
3. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Con data 14.06.10 foi solicitada polo titular de obras, unha prórroga da licenza. Tendo en conta que a licenza de obras foi outorgada o 09.02.07, nesta data xa transcorreran os tres anos sinalados no articulado citado para finalizar as obras.

3.- As obras non están rematadas quedando sen finalizar a estrutura de formigón da mesma.

4.- Os traballos estiveron interrompidas por un tempo superior a seis meses ós efectos do previsto no referido artigo sobre a caducidade das licenzas de obras.

5.- O Real Decreto 1627/1997 DISPOSICIONES MINIMAS DE SEGURIDAD Y SALUD EN LAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN no seu art.9 sobre "Obligaciones del coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de las obras", sinala no apartado f) que deberá "Adoptar las medidas necesarias para que sólo las personas autorizadas puedan acceder a la obra".

6.- Na vista a obra púidose comprobar que non hay elemento ningún que limite a posible acceso á obra de persoas non autorizadas.

4. CONCLUSIÓN

- 1.- Os prazos de execución das obras superan considerablemente o tempo máximo de tres anos de demora na finalización autorizados polo art. 197 da lei 9/2002.
- 2.- As obras estiveron interrompidas por un tempo superior a seis meses, ós efectos do previsto sobre a caducidade das licenzas de obras no art. 197 la lei 9/2002.
- 3.- Una vez concluídos os prazos máximos antes referidos non se poderá conceder polo Concello unha prórroga da licenza de obras outorgada.
- 4.- A caducidade da licencia de obras será declarada polo Concello logo de procedemento de audiencia ó interesado.
- 5.- Conforme establece o art. 203.4 da lei 9/2002, unha vez resuelta a caducidade da licenza de obras outorgada, o alcalde ou a autoridade competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo poderán ordenar en calquera momento a demolición ou eliminación das obras, construcións, edificacións ou instalacións inacabadas ou inadecuadas ó medio rural ó abeiro dunha licencia que fose declarada caducada, sen que isto produza dereito a obter indemnización.
- 6.- En tanto non se produza a caducidade da licenza de obras outorgada, será responsabilidade do Coordinador de Seguridade e Saúde da Obra adoptar as medidas correctoras necesarias para evitar o acceso á mesma de persoas non autorizadas.

O que poño en coñecemento deste Concello para que se adopten as medidas oportunas.

Achégase unha reportaxe fotográfica do estado das obras na data de inspección.

A Guarda, a 5 de decembro de 2012
O ARQUITECTO MUNICIPAL

ASDO.: Antonio Hernández Crespo

Visto este informe técnico, a Xunta de Goberno Local acorda:



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



1. Iniciar procedemento de declaración de caducidade da licenza urbanística 5/2007, outorgada a DOMUS GAUDA, S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2007 por superar os prazos de interrupción e execución das obras. Asimesmo ordénase como medida provisional a paralización dos actos amparados pola citada licenza.
2. Conceder trámite de audiencia ao interesado a fin de que no prazo de quince días poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes

PUNTO 6.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licenza, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licenza de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licenza de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licenza de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licenza, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e maillo contratista da obra.

3.- A presente licenza caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaranse a partir do día seguinte á notificación da presente licenza.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licenza de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D. CÁNDIDO ALONSO SOLLEIRO REPRESENTADO POR D^a. MARÍA DEL CARMEN BAZ PACHECO, R.E. Nº. 7.157 DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ROSAL Nº. 62 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA) SITA NA RÚA DE TRANSVERSAL DE A CRUZ, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SAN ROQUE" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.